

**MA  
DEI  
RA**

MA  
DE  
RA  
WO  
OD

**Toca madeira**

Toca mader  
Knock on wood

S E R I E T É C N I C A  
**CESUGA**

## Toca madeira

Toca madera

Knock on wood

para este volume / para este volumen / for his volume:

edita / editorial / published by

**CESUGA**

**Centro de Estudios Superiores Universitarios de Galicia, S.L.,**

**B-15469984**

**C/ Obradoiro, 47 C.P. 15190, A Coruña (España)**

cofinanciado / cofinanciado / co-financed

**Axencia Galega da Industria Forestal**

editores / editores / editors

**Silvia Blanco Agüeira / Alberto Alonso Oro**

coordinación / coordinación / coordination

**Silvia Blanco Agüeira / Alberto Alonso Oro**

revisión de textos / revisión de textos / proofreading

**Pablo Pose Sánchez / Carmen Ares Vigo**

**Miguel Ángel Pin Calvín / Eva Boullón Peña**

diseño e maquetación / diseño y maquetación / design and layout

**Pablo Pose Sánchez / Carmen Ares Vigo**

**Miguel Ángel Pin Calvín / Eva Boullón Peña**

impresión / impresión / printed

**Copymar. A Coruña**

**Impreso en España / Printed in Spain. 2023**

© imaxes e textos / imágenes y textos / images and texts

**autores/autores/authors**

indexación / indexación / indexing

**ISBN 978-84-09-56509-2**

**DL-C1775-2023**



Publícase baixo o sistema de licenzas "Creative Commons Recoñecemento-Non comercial 4.0" (CC-by-nc).

Se publica bajo el sistema de licencias "Creative Commons Reconocimiento-No comercial 4.0" (CC-by-nc).

Published under the 'Creative Commons Attribution-NonCommercial 4.0' (CC-by-nc) licensing system.

O apoio da Axencia Galega da Industria Forestal para a elaboración desta publicación non implica a aceptación dos seus contidos, que serán responsabilidade exclusiva dos seus autores. Por tanto, a Axencia Galega da Industria Forestal non é responsable do uso que poida facerse da información aquí difundida.

El apoyo de la Agencia Gallega de la Industria Forestal para la elaboración de esta publicación no implica la aceptación de sus contenidos, que serán responsabilidad exclusiva de sus autores. Por tanto, la Agencia Gallega de la Industria Forestal no es responsable del uso que pueda hacerse de la información aquí difundida.

The support of the Galician Agency for Forest-based Industry for the preparation of this publication does not imply acceptance of its contents, which will be the exclusive responsibility of its authors. Therefore, the Galician Agency for Forest-based Industry is not responsible for the use that may be inferred of the information disseminated here.

CESUGA non se responsabiliza dos posibles dereitos de reprodución das imaxes pertencentes aos textos asinados. Estes, se os houbese, son responsabilidade dos autores dos textos conforme aos acordos establecidos e recollidos na web, convenio e/ou convocatoria correspondente.

CESUGA no se responsabiliza de los posibles derechos de reproducción de las imágenes pertenecientes a los textos firmados. Estos, si los hubiera, son responsabilidad de los autores de los textos conforme aos acordos establecidos y recogidos en la web, convenio y/o convocatoria correspondiente.

CESUGA is not responsible for any potential reproduction rights of the images belonging to the signed texts. If there are any, it is the responsibility of the authors of the texts in accordance with the agreements established and outlined on the website, agreement, and/or corresponding call.

## A forza de construír ben chégase a bo arquitecto.

A fuerza de construir bien se llega a buen arquitecto.

By building well you become a good architect.

Aristóteles

# TÁBOA

## ÍNDICE

### INDEX

<b>1</b>	<b>Mostra</b> Presentación Foreword Venancio Salcines Cristal	8-9
<b>2</b>	<b>Limiar</b> Prefacio Prologue Silvia Blanco Agüeira	10-13
<b>3</b>	<b>Ezcurra e Ouzande</b> Ezcurra e Ouzande Ezcurra e ouzande Cristina Ezcurra & Cristina Ouzande	14-17
<b>4</b>	<b>Dotacional, espazo público e vivenda</b> Dotacional Assemblages Cristina Ouzande & Cristina Ezcurra	18-19
<b>5</b>	<b>Centro de Saúde en O Porriño, Pontevedra (2023)</b> Centro de Salud en O Porriño, Pontevedra (2023) Health Centre in O Porriño, Pontevedra (2023) Ezcurra e Ouzande	20-39
<b>6</b>	<b>Centro de Saúde en O Saviñao, Lugo (2021)</b> Centro de Salud de O Saviñao, Lugo (2021) Health Centre in O Saviñao, Lugo (2021) Ezcurra e Ouzande	40-55
<b>7</b>	<b>Centro de Urgencias Extrahospitalarias de A Laracha, A Coruña (2019)</b> Centro de Urgencias Extrahospitalarias de A Laracha, A Coruña (2019) Urgency Care Centre in A Laracha, A Coruña (2019) Ezcurra e Ouzande	56-73
<b>8</b>	<b>Parador no Castelo de Monterrei, Ourense (2015)</b> Parador en el Castillo de Monterrei, Ourense (2015) Hotel at the Castle of Monterrei, Ourense (2015) Ezcurra e Ouzande	74-97
<b>9</b>	<b>Casa da Cultura-Vila Concepción en Cambre, A Coruña (2013)</b> Casa de la Cultura-Villa Concepción en Cambre, A Coruña (2013) Concepción villa Cultural Center in Cambre, A Coruña (2013) Ezcurra e Ouzande	98-115
<b>10</b>	<b>Vivenda en Brión, A Coruña (2023)</b> Vivienda en Brión, A Coruña (2023) House in Brión, A Coruña (2023) Ezcurra e Ouzande	116-127
<b>11</b>	<b>Vivenda en Teo, A Coruña (2023)</b> Vivienda en Teo (2023) House in Teo, A Coruña (2023) Ezcurra e Ouzande	128-135
<b>12</b>	<b>Vivenda modular en T en Culleredo, A Coruña (2015)</b> Vivienda modular en T en Culleredo, A Coruña (2015) Modular house in T in Culleredo, A Coruña(2015) Ezcurra e Ouzande	136-145
<b>13</b>	<b>Hortas urbanas en Lugo (2023)</b> Huertas urbanas en Lugo (2023) Urban gardens in Lugo (2023) Ezcurra e Ouzande	146-153
<b>14</b>	<b>Barrio de Vista Alegre, Santiago de Compostela (2018)</b> Barrio de Vista Alegre, Santiago de Compostela (2018) Vista Alegre neighbourhood, Santiago de Compostela (2018) Ezcurra e Ouzande	154-163
<b>15</b>	<b>Conclusión</b> Conclusiones Conclusion Ezcurra e Ouzande	164-169
<b>16</b>	<b>Créditos</b> Créditos Credits Ezcurra e Ouzande	170-172

## Toca madeira

Toca mader  
Knock on wood

VV.AA

Asistentes | Participantes | Participants




Venancio Salcines Cristal (Ph.D)  
Pte. efbs Grupo Educativo e de CESUGA  
Pte. de efbs Grupo Educativo y de CESUGA  
Pres. efbs Grupo Educativo and CESUGA



Silvia Blanco Agüeira (Ph.D)  
Dirº Grao de Arquitectura en CESUGA  
Dirº Grado de Arquitectura en CESUGA  
Dir. Degree in Architecture at CESUGA



Cristina Ezcurra de la Iglesia  
Arquitecta fundadora de Ezcurra e Ouzande  
Arquitecta fundadora de Ezcurra e Ouzande  
Founding Architect of Ezcurra e Ouzande



Cristina Ouzande Lugo  
Arquitecta fundadora de Ezcurra e Ouzande  
Arquitecta fundadora de Ezcurra e Ouzande  
Founding Architect of Ezcurra e Ouzande



VV.AA  
Fatado  
Grupo  
Group

## Mostra

Presentación  
Foreword

Venancio Salcines Cristal (Ph.D)

Pte. e fbs Grupo Educativo e de CESUGA | Pte. de e fbs Grupo Educativo y de CESUGA | Pres. e fbs Grupo Educativo and CESUGA

A madeira estrutural require de produtos complexos, e isto supón falar de novas fábricas, de bosques sostibles, de operarios cualificados e de novas técnicas construtivas, que teñen que ser estudadas nas escolas de arquitectura. Dado que estes produtos son necesarios para mitigar a pegada de carbono da construción, responsable do 40 % das emisións mundiais, tocaba facer dúas cousas: ou esperar a que todos eses elementos proveñan dos países nórdicos e nos conquisten, ou activar Galicia para que poida liderar o sector en España.

Dende a Xunta trabállase polo primeiro. Empezando por incorporar por imperativo legal un mínimo de madeira construtiva na obra civil autonómica. A demanda pública creará un sector de futuro e sostible. Dende XERA, a Axencia Galega da Industria Forestal, apóstase ademais por actividades formativas que impulsen o coñecemento da industria forestal e da arquitectura en madeira. Se somos capaces de avanzar nestas liñas, seremos líderes mundiais.

En todo iso estase a traballar e agora toca contalo, alzar a voz e terminar co silencio.

La madera estructural requiere de productos complejos, y esto supone hablar de nuevas fábricas, de bosques sostenibles, de operarios cualificados y de nuevas técnicas constructivas, que han de ser estudiadas en las escuelas de arquitectura. Dado que estos productos son necesarios para mitigar la huella de carbono de la construcción, responsable del 40 % de las emisiones mundiales, tocaba hacer dos cosas: o esperar a que todos esos elementos provengan de los países nórdicos y nos conquisten, o activar Galicia para que pueda liderar el sector en España.

Desde la Xunta se trabaja por lo primero. Empezando por incorporar por imperativo legal un mínimo de madera constructiva en la obra civil autonómica. La demanda pública creará un sector de futuro y sostenible. Desde XERA, la Axencia Galega da Industria Forestal, se apuesta además por actividades formativas que impulsen el conocimiento de la industria forestal y de la arquitectura en madera. Si somos capaces de avanzar en estas líneas, seremos líderes mundiales.

En todo ello se está trabajando y ahora toca contarlo, alzar la voz y terminar con el silencio.

Structural timber requires complex products, and this means talking about new factories, sustainable forests, skilled workers and new construction techniques, which have to be studied in architecture schools. Given that these products are necessary to mitigate the carbon footprint of construction, responsible for 40% of global emissions, there were two things to do: either wait for all these elements to come from the Nordic countries and conquer us, or activate Galicia so that it can lead the sector in Spain.

The Xunta is working for the former. Starting with incorporating by legal imperative a minimum of constructive wood in the autonomous civil work. The public demand will create a future and sustainable sector. XERA, the Axencia Galega da Industria Forestal, is also committed to training activities that promote knowledge of the forestry industry and wood architecture. If we are able to advance along these lines, we will be world leaders.

We are working on all this and now it is time to tell the story, raise our voices and put an end to the silence.



Silvia Blanco Agüeira (PhD.)

Directora do Grao de Arquitectura en CESUGA | Directora del Grado de Arquitectura en CESUGA | Head of Architecture Department at CESUGA

Esta colección é froito do rexistro gráfico e documental de catro actividades formativas non regradas desenvolvidas no Grao de Arquitectura de Cesuga durante o ano 2023.

Son catro actividades cofinanciadas pola XERA, Axencia Galega da Industria Forestal, que teñen como obxectivo mellorar coñecementos sobre o tema de construción con este material biolóxico de orixe vexetal.

Cada unha delas xerou a súa propia publicación que funciona como material divulgativo, con contidos inéditos e valiosos para todos os interesados na arquitectura da madeira.

A través destes obradoiros xerouse un espazo de encontro que permitiu establecer sinerxías entre as distintas organizacións que integran o sistema emprendedor e empresarial galego, transmitindo a necesidade de emprender e xestionar con triplo impacto.

Vincúlase así os sectores privado, público e académico para ubicar a Galicia como referente nacional da construción sostible.

La presente colección es el resultado del registro gráfico y documental de cuatro actividades formativas no regladas desarrolladas en el Grado de Arquitectura de Cesuga durante el año 2023.

Son cuatro actividades cofinanciadas por XERA, Axencia Galega da Industria Forestal, que pretenden mejorar el conocimiento en materia de construción con este material biolóxico de origen vegetal. Cada una de ellas ha generado su propia publicación que funciona como material divulgativo, con contenido inédito y valioso para todos aquellos interesados en la arquitectura con madera.

A través de estos talleres se ha generado un espacio de encuentro que ha permitido establecer sinergias entre las diferentes organizaciones que componen el sistema emprendedor y empresario gallego, transmitiendo la necesidad de emprender y gestionar con triple impacto.

Se vincula así al sector privado, el público y el académico para posicionar Galicia como referente nacional de la construción sostenible.

This collection is the result of the graphic and documentary record of four non-regulated training activities developed in the Cesuga Degree in Architecture during the year 2023.

They are four activities co-financed by XERA, Axencia Galega da Industria Forestal, which aim to improve knowledge on the subject of construction with this biological material of plant origin. Each of them has generated its own publication that works as informative material, with unreleased and valuable content for all those interested in wood architecture.

Through these workshops, a meeting space has been generated which has allowed synergies to be established among the different organizations that comprise the Galician entrepreneurial and business system, transmitting the need to undertake and manage with triple impact.

Thus, the private, public and academic sectors are linked to position Galicia as a national benchmark for sustainable construction.





## Ezcurra e Ouzande

Ezcurra e Ouzande

Ezcurra e Ouzande

Cristina Ouzande & Cristina Ezcurra

Arquitectas, fundadoras de Ezcurra e Ouzande | Arquitectas, fundadoras de Ezcurra e Ouzande | Architects, founders of Ezcurra e Ouzande

Dende hai máis dunha década Ezcurra e Ouzande arquitectura propón un enfoque sostible ao mundo da arquitectura nos seus diversos ámbitos, dende deseño urbano a deseño interior ou industrial.

Deseñamos de xeito rigoroso e coherente coa nosa forma de pensar. Empregamos os materiais con claridade e honestidade, procurando solucións sostibles tanto na construción coma no emprazamento. Poñemos atención nas preexistencias para dotalas dun novo valor. Temos en conta ao usuario final, as súas necesidades e aspiracións.

Cada deseño é un reto na busca da mellor solución. Cada proxecto axústase ata atoparmos a solución precisa.

Creemos que un bo deseño xorde dunha aproximación global a cada un dos seus compoñentes formais, funcionais e técnicos; e por iso ofrecemos solucións completamente integrais, incluíndo enxeñaría, deseño interior, mobiliario, paisaxismo, etc.

Supervisamos coidadosamente o desenvolvemento de cada proxecto

Desde hace más de una década Ezcurra e Ouzande arquitectura propone un enfoque sostenible del mundo de la arquitectura en sus diversos ámbitos, desde el diseño urbano al diseño interior o industrial.

Diseñamos de manera rigurosa y coherente con nuestra forma de pensar. Empleamos los materiales con claridad y honestidad, buscando soluciones sostenibles tanto en construcción como en emplazamiento. Prestamos atención a las preexistencias para dotarlas de un valor nuevo. Tenemos en cuenta al usuario final, sus necesidades y aspiraciones.

Cada diseño es un reto en la búsqueda de la mejor solución. Cada proyecto se ajusta hasta encontrar la respuesta precisa.

Creemos que un buen diseño surge a partir de una aproximación global a cada uno de sus componentes formales, funcionales y técnicos; y por ello ofrecemos soluciones completamente integrales, incluyendo ingeniería, diseño interior, mobiliario, paisajismo, etc.

Supervisamos cuidadosamente el desarrollo de cada proyecto desde su

For more than a decade Ezcurra e Ouzande arquitectura proposes a sustainable approach to architecture in its various fields of action, from urban design to interior and industrial design.

We design rigorously and consistently with our thinking. We use materials with clarity and honesty, we seek sustainable solutions both to construction and settlement. We pay attention to pre-existing constructions to improve their value. We take users into account, their needs and aspirations.

Each design is a challenge in the search for the best solution. Every project aims to find the accurate answer.

We understand that a good design comes from a completely integrated approach of each component: formal, functional and technical aspects. We provide wholly integrated design solutions, including engineering, interior design, furniture, landscaping, etc.

We review every project regularly during its development, from

Cristina Ezcurra e Cristina Ouzande, arquitectas © Ezcurra e Ouzande

Cristina Ezcurra e Cristina Ouzande, arquitectas © Ezcurra e Ouzande

Cristina Ezcurra e Cristina Ouzande, architects © Ezcurra e Ouzande







## Dotacional, vivienda e espazo público

Dotacional, viviendas y espacio público

Facilities, dwellings and public space

Cristina Ouzande & Cristina Ezcurra

Arquitectas, fundadoras de Ezcurra e Ouzande | Arquitectas, fundadoras de Ezcurra e Ouzande | Architects, founders of Ezcurra e Ouzande

Esta publicación é froito dun traballo colectivo, non só do equipo de persoas que participamos directamente na realización destes proxectos, senón tamén de todas aquelas persoas que ao longo dos anos traballaron para recuperar o uso da madeira e os oficios vinculados a ela, e dos que creron que a construción con madeira é o camiño máis certo cara ao futuro.

Este libro recoñece obras de edificación e intervencións no espazo urbano que temos proxectado e construído ao longo dos últimos anos da nosa vida profesional e que teñen a madeira como material principal.

Ordenáronse estes traballos segundo o seu uso, e dentro deste, de maneira cronolóxica, desde os máis recentes aos que levan máis anos construídos.

A clasificación comeza cos edificios dotacionais. No segundo apartado seleccionáronse unha serie de vivendas unifamiliares e finalmente, no apartado espazo público, recolléronse as intervencións levadas a cabo nun barrio completo e nunha dotación de hortas urbanas.

Esta publicación es fruto de un trabajo colectivo, no solo del equipo de personas que hemos participado directamente en la realización de estos proyectos, sino también de todas aquellas personas que a lo largo de los años han trabajado para recuperar el uso de la madera y los oficios vinculados a ella, y de los que han creído que la construcción con madera es el camino más cierto hacia el futuro.

Este libro recoge obras de edificación e intervencións en el espacio urbano que hemos proyectado y construido a lo largo de los últimos años de nuestra vida profesional y que tienen a la madera como material principal.


Se han ordenado estos trabajos según su uso, y dentro de este, de manera cronológica, desde los más recientes a los que llevan más años construidos.

La clasificación comienza con los edificios dotacionales. En el segundo apartado se seleccionaron una serie de viviendas unifamiliares y finalmente, en el apartado espacio público, se han recogido las intervenciones llevadas a cabo en un barrio completo y en una dotación de huertos urbanos.

Escalera © David de la Iglesia

Escalera © David de la Iglesia

Stairs © David de la Iglesia



## Centro de Saúde en O Porriño, Pontevedra (2023)

Centro de Salud en O Porriño, Pontevedra (2023)

Health Centre in O Porriño, Pontevedra (2023)

Cristina Ouzande & Cristina Ezcurra

Arquitectas, fundadoras de Ezcurra e Ouzande | Arquitectas, fundadoras de Ezcurra e Ouzande | Architects, founders of Ezcurra e Ouzande

Este proxecto aborda a construción dun edificio de nova planta como centro de urxencias (PAC) e a remodelación do centro de saúde que xa existe. O PAC aséntase nun sobrance no norte da parcela do centro actual, única zona libre do solar, cunha forte pendente de forma que en escasos metros a planta baixa do PAC, coincide coa planta primeira do centro de saúde.

É un novo volume de tres plantas (soto, baixa e primeira) que acollerá o servizo de urxencias ademais de incorporar como novidade unha área de fisioterapia. Precísase por necesidades do servizo dunha conexión entre o edificio novo e o existente que se resolve grazas a un núcleo de comunicacións verticais compartido. Este elemento de unión xera un espazo exterior de xardín entre edificios que permite ademais a entrada de luz natural na orientación oeste e contribúe a ordenar os usos necesarios creando unha solución espacial limpa e sinxela, facilitando o bo funcionamento do centro e a súa comprensión.

O edificio adáptase formalmente á parcela dispoñible cun volume rectangular no que se practica unha rotura para procurar iluminación natural

Este proyecto aborda la construcción de un edificio de nueva planta como centro de urgencias (PAC) y la remodelación del centro de salud que ya existe. El PAC se ubica en un sobrance al norte de la parcela del actual centro, única zona libre del solar, con gran pendiente de modo que en pocos metros la planta baja del PAC coincide con la primera planta del centro de salud.

Se trata de un nuevo volumen de tres plantas (sótano, planta baja y primera) que acogerá el servicio de urgencias además de incorporar como novedad una zona de fisioterapia. Por necesidades de servicio se requiere una conexión entre el nuevo edificio y el existente, que se soluciona mediante un núcleo de comunicaciones verticales compartido. Este elemento de unión genera un espacio ajardinado exterior entre edificios que además permite la entrada de luz natural en orientación oeste y contribuye a ordenar los usos necesarios creando una solución espacial limpia y sencilla, facilitando el buen funcionamiento del centro y su comprensión.

El edificio se adapta formalmente a la parcela disponible con un volumen


This project addresses the construction of a new building as an emergency center (PAC) and the remodeling of the existing health center. The PAC is located in a surplus to the north of the current center plot, the only free area of the site, with a steep slope so that in a few meters the ground floor of the PAC coincides with the first floor of the health center.

It is a new volume with three floors (basement, ground floor and first floor) that will house the emergency service in addition to incorporating a physiotherapy area as a novelty. Due to service needs it is required a connection between the new and the existing building, which is solved through a shared vertical communications core. This connecting element generates an exterior garden space between buildings that allows the entry of natural light in a west orientation and contributes to organizing the necessary uses, creating a clean and simple spatial solution, facilitating the proper functioning of the center and its understanding. The building formally adapts to the available plot with a rectangular volume in

Fachada © Manuel G. Vicente

Fachada © Manuel G. Vicente

Facade © Manuel G. Vicente



ás zonas baixo rasante. Este patio acondiciónase con vexetación como elemento filtro que dilúe a contorna, suavizando a posición pouco favorable do edificio. O espazo verde aporta unha comunicación sensorial coa natureza, axuda á contemplación, busca o benestar de usuarios e profesionais. Ao mesmo tempo orixina vistas cruzadas que amplían as perspectivas aportando sensación de amplitude ao poder pousar a mirada ao lonxe.

Unha cuberta axardinada á que se incorpora unha pérgola para o control do soleamento acompaña os tempos de lecer do persoal sanitario.

Constructivamente combina sistemas de entramado lixeiro, sistemas de CLT e un entaboadado termotratado de piñeiro de Galicia lacado como material de acabado na fachada. Así mesmo as carpintarías exteriores e as lamas de control solar que incorporan son de madeira. Este foi tamén o material elixido para a zona exterior de descanso na cuberta axardinada, pérgola e pavimento.

O resultado é un edificio volumetricamente moi sinxelo, cunha envolvente neutra; encaixado no sucinto espazo dispoñible pero que consegue que a experiencia dende o interior sexa a dun edificio de contornas abertas.

rectangular en el que se practica una ruptura para dotar de iluminación natural a las zonas bajo rasante. Este patio se acondiciona con vegetación como elemento filtro que diluye el entorno, suavizando la posición poco favorable del edificio. El espacio verde aporta una comunicación sensorial con la naturaleza, ayuda a la contemplación, busca el bienestar de usuarios y profesionales. Al mismo tiempo origina vistas cruzadas que amplían las perspectivas, aportando sensación de amplitud al poder mirar a lo lejos. Una cubierta ajardinada, con pérgola para control solar, acompaña el tiempo de ocio del personal sanitario.

Constructivamente, combina sistemas de entramado ligero, sistemas de CLT y un entablado termotratado de pino de Galicia lacado como material de acabado en fachada. Asimismo, las carpinterías exteriores y las lamas de control solar que incorporan son de madera. Este fue también el material elegido para la zona exterior de descanso en la cubierta ajardinada, pérgola y pavimento.

El resultado es un edificio volumétricamente muy sencillo, con una envolvente neutra; encajado en el escueto espacio disponible pero que logra que la experiencia desde el interior sea la de un edificio de contornos abiertos.

which a break is made to provide natural lighting to the below-grade areas. This patio is equipped with vegetation as a filtering element that dilutes the environment, softening the unfavourable position of the building. The green space provides sensory communication with nature, helps contemplation and seeks the well-being of users and professionals. At the same time, it gives rise to crossed gazes that expand perspectives, providing a feeling of spaciousness when looking into the distance. A landscaped roof, with a pergola for solar control, accompanies the leisure time of healthcare personnel.

Constructively, it combines framework and CLT systems and a lacquered heat-treated Galician pine panelling as a finishing material on façade. Likewise, the exterior carpentry and their solar control slats are made of wood. This material was also chosen for the outdoor resting area on the garden roof, pergola and pavement.

The result is a volumetrically very simple building, with a neutral envelope; fitted into the limited space available but which manages to make the experience from the inside that of an open contour building.





















## Centro de Saúde O Saviñao, Lugo (2021)

Centro de Salud O Saviñao, Lugo (2021)  
Health Center O Saviñao, Lugo (2021)

Cristina Ouzande & Cristina Ezcurra

Arquitectas, fundadoras de Ezcurra e Ouzande | Arquitectas, fundadoras de Ezcurra e Ouzande | Architects, founders of Ezcurra e Ouzande

O proxecto aborda a construción dun edificio de uso sanitario de nova planta para atención primaria como centro de saúde.

Conscientes de que estes centros están sometidos a unha constante actividade e os recursos que se dispoñen para a súa construción e para o seu mantemento son limitados, tanto no deseño do centro como no seu desenvolvemento construtivo, evitouse o uso de materiais custosos e de solucións complexas tanto estruturais, de instalacións, como construtivas, que ademais de resultar de partida máis elevadas de prezo, necesiten de axustes ou mantemento complexos, tratando así de simplificar as tarefas de conservación.

Axústase en volumetría e pel a criterios expresivos de singularidade por un lado e de continuidade e integración por outro; seguindo a aliñación da rúa existente e respectando o bosque circundante. Buscouse un edificio atemporal, abstracto.

Construímos nun solar delimitado nas súas orientacións norte, leste e oeste por vías públicas e sur por un espazo axardinado con instalacións

El proyecto aborda la construcción de un edificio de uso sanitario de nueva planta para atención primaria como centro de salud.

Conscientes de que estos centros están sometidos a una constante actividad y los recursos que se disponen para su construcción y para su mantenimiento son limitados, tanto en el diseño del centro como en su desarrollo constructivo, se evitó el uso de materiales costosos y de soluciones complejas tanto estructurales, de instalaciones, como constructivas, que además de resultar de partida más elevadas de precio, necesiten de ajustes o mantenimientos complejos, tratando así de simplificar las tareas de conservación.

Se ajusta en volumetría y piel a criterios expresivos de singularidad por un lado y de continuidad e integración por otro; siguiendo la alineación de la calle existente y respetando el bosque circundante. Se buscó un edificio atemporal, abstracto.

Construimos en un solar delimitado en sus orientaciones norte, este y oeste por vías públicas y al sur por un espacio ajardinado con instalaciones

The project addresses the construction of a new health building for primary care as a health center.

Aware that these centers are subject to constant activity and the resources available for their construction and maintenance are limited, both in the design of the center and in its construction development, the use of expensive materials and complex solutions in structure, installations, and construction were avoided, due to their higher cost in addition to the requirement of complex adjustments or maintenance; trying this way to simplify conservation tasks.

It adjusts in volumetry and skin to expressive criteria of singularity on the one hand and continuity and integration on the other; following the alignment of the existing street and respecting the surrounding forest. A timeless, abstract building was sought.

We built on a site delimited in its north, east and west orientations by public roads and south by a garden space with sports facilities. The work plot is empty of any built element and lined with trees.

Detalle da fiestra © Manuel G. Vicente  
Detalle de ventana © Manuel G. Vicente  
Window detail © Manuel G. Vicente



deportivas. A parcela de traballo esta baleira de calquera elemento construído e arborada.

Trátase por tanto dun edificio exento de planta baixa cuxa definición volumétrica virá dada polos requirimentos funcionais, a dispoñibilidade de chan, orientacións, solución construtiva, relación co viario, accesos, espazo circundante... a relación de escala co contorno.

O edificio proxectouse buscando resolver as necesidades propostas polo programa de maneira ordenada, limpa, optimizando a superficie construída.

Na procura da contemplación ou aprehensión do espazo exterior, recórrese a mecanismos de rotura do volume, os patios, por onde a luz e a vexetación penetra no interior e se convierten nun filtro, un elemento de transición que contribúe a suavizar a contorna, controlando o asolamento e as vistas.

Aportan estes patios diversidade no espazo interior. Ao tempo prodúcense fugaces vistas cruzadas cando aparecen puntuais coincidencias planimétricas entre ocos e patios.

Conservouse no posible o arborado existente.

deportivas. La parcela de trabajo está vacía de cualquier elemento construído y arbolada.

Se trata por tanto de un edificio exento de planta baja cuya definición volumétrica vendrá dada por los requerimientos funcionales, la disponibilidad de suelo, orientaciones, solución constructiva, relación con el viario, accesos, espacio circundante... la relación de escala con el entorno.

El edificio se proyectó buscando resolver las necesidades propuestas por el programa de manera ordenada, limpia, optimizando la superficie construída.

En la búsqueda de la contemplación o aprehensión del espazo exterior, se recurre a mecanismos de ruptura del volumen, los patios, por donde la luz y la vexetación penetra en el interior y se convierten en un filtro, un elemento de transición que contribuye a suavizar el entorno, controlando el soleamiento y las vistas.

Aportan estos patios diversidad en el espazo interior. Al tiempo se producen fugaces vistas cruzadas cuando aparecen puntuais coincidencias planimétricas entre huecos y patios.

Se conservó dentro de lo posible el arbolado existente.

It is therefore a building free of a ground floor whose volumetric definition will be given by the functional requirements, the availability of land, orientations, constructive solution, relationship with the road, accesses, surrounding space... the relationship of scale with the contour.

The building was designed seeking to resolve the needs proposed by the program in an orderly, clean manner, optimizing the built space.

In the search for contemplation or apprehension of the exterior space, mechanisms of breaking up the volume are used, the patios, where light and vegetation penetrates the interior and become a filter, a transition element that contributes to softening the environment, controlling the accommodation and the views.

These patios provide diversity in the interior space. At the same time, fleeting cross views occur when specific planimetric coincidences appear between openings and patios.

The existing trees were preserved as much as possible.

With the simple proposed volumetry,



Coa sinxela volumetría proposta, a altura mínima necesaria e a envolvente exterior, de placa de fibrocemento lisa, búscase un acabado neutro en cor e textura.

O resultado é un edificio de mínimos, cunha discreta presenza e unha cuberta vexetal que contribúe de maneira importante á integración no entorno.

Con la sencilla volumetría propuesta, la altura mínima necesaria y la envolvente exterior, de placa de fibrocemento lisa, se busca un acabado neutro en color y textura.

El resultado es un edificio de mínimos, con una discreta presencia y una cubierta vegetal que contribuye de manera importante a la integración en el entorno.

the minimum necessary height and the exterior envelope, made of smooth fiber cement plate, a neutral finish in color and texture is sought.

The result is a minimalist building, with a discreet presence and a green roof that contributes significantly to integration into the environment.













01/11







## Centro de Urgencias Extrahospitalarias en A Laracha, A Coruña (2019)

Centro de Urgencias Extrahospitalarias en A Laracha, A Coruña (2019)

Urgent Care Centre of A Laracha, A Coruña (2019)

Cristina Ouzande & Cristina Ezcurra

Arquitectas, fundadoras de Ezcurra e Ouzande | Arquitectas, fundadoras de Ezcurra e Ouzande | Architects, founders of Ezcurra e Ouzande

O obxectivo era construír un edificio cun material de orixe natural cun proceso produtivo que, en relación a outros produtos industrializados, xenera menos residuos, require un baixo consumo enerxético, respecta a natureza e o medio ambiente e pódese dicir que é 100% renovable (de seguirse os protocolos de tala e replante que garantan a continuidade do ciclo), reciclable e reutilizable.

Proxectamos un edificio de madeira onde tanto os sistemas estruturais, como de pechamento, tabicaría e gran parte dos acabados se resolven mediante elementos tecnolóxicos de madeira maciza e derivados da mesma. Estes sistemas permiten un alto nivel de prefabricación e desenvolver un proceso completo de construción en seco.

Tívoise en conta a eficiencia medioambiental do edificio, achegándonos aos parámetros de consumo case nulo.

O Centro de Atención de Urgencias Extrahospitalarias de A Laracha é un edificio de uso público sanitario ubicado dentro do núcleo urbano de A Laracha (A Coruña), nunha parcela

El objetivo era construir un edificio con un material de origen natural cuyo proceso produtivo en relación a otros productos industrializados genera menos residuos, requiere un bajo consumo energético, respeta la naturaleza y el medio ambiente y se puede decir que es 100% renovable (si se siguen los protocolos de tala y replante que garantizan la continuidad del ciclo), reciclable y reutilizable.

Proyectamos un edificio de madera donde tanto los sistemas estructurales, como de cerramiento, tabiquería y gran parte de los acabados se resuelven mediante elementos tecnológicos de madera maciza y derivados de la misma. Estos sistemas permiten un alto nivel de prefabricación y desenvolver un proceso completo de construción en seco.

Se tuvo en cuenta la eficiencia medioambiental del edificio, acercándonos a los parámetros de consumo casi nulo.

El Centro de Atención de Urgencias Extrahospitalarias de A Laracha es un edificio de uso público sanitario ubicado dentro del núcleo urbano de A Laracha (A Coruña), en una parcela

The objective was to build a building with a material of natural origin whose production process in relation to other industrialized products generates less waste, requires low energy consumption, respects nature and the environment and can be said to be 100% renewable (if we follow the felling and replanting protocols that guarantee the continuity of the cycle), recyclable and reusable.

We project a wooden building where both the structural systems, enclosure, partition walls and a large part of the finishes are resolved using technological elements made of solid wood and derivatives thereof. These systems allow a high level of prefabrication and a complete dry construction process.

The environmental efficiency of the building was taken into account, bringing us closer to the parameters of almost zero consumption.

The A Laracha Extra-Hospital Emergency Care Center is a building for public health use located within the urban center of A Laracha (A Coruña), on a square plot of 717 m<sup>2</sup>, defined by two corner streets,

Acceso © Santos-Díez

Acceso © Santos-Díez

Entrance © Santos-Díez



cadrada de 717 m<sup>2</sup>, definida por dúas rúas que fan esquina, unha enorme medianeira pertencente a un edificio de vivendas e a fachada traseira do actual centro de saúde.

Era preciso proxectar un edificio que ademais do seu propio uso servise para ordenar o espazo circundante, establecer unha relación de escala cos edificios do contorno e á vez resolver as conexións precisas co centro de saúde, a medianeira e as vías públicas que lle dan servizo.

O edificio ten 613 m<sup>2</sup> construídos distribuídos en dúas plantas. A súa volumetría, en forma de L, pégase á medianeira existente, tratando de reducir a súa presenza, á fachada sur do actual centro de saúde, buscando facilitar a conexión con el. Deste xeito liberamos espazo na parcela para o acceso dando lugar a un pequeno xardín que permite conservar un magnífico exemplar de chopo branco (*Populus alba*).

Ao edificio accédese a través dun cortaventos de grande transparencia que funciona como regulador térmico.

O vestíbulo de entrada é a parte representativa e lugar de acollida dos usuarios. Desenvólvese arredor dun patio exterior que comparte co centro de saúde existente e é punto de

cuadrada de 717 m<sup>2</sup>, definida por dos calles que hacen esquina, una enorme medianera perteneciente a un edificio de viviendas y la fachada trasera del actual centro de salud.

Era preciso proyectar un edificio que además de para su propio uso, sirviese para ordenar el espacio circundante, establecer una relación de escala con los edificios del entorno y a la vez resolver las conexiones necesarias con el centro de salud, la medianera y las vías públicas que le dan servicio.

El edificio tiene 613m<sup>2</sup> construidos distribuidos en 2 plantas. Su volumetría, en forma de L, se pega a la medianera existente, tratando de reducir su presencia, y a la fachada sur del actual centro de salud, buscando facilitar la conexión con él. De este modo liberamos espacio en la parcela para el acceso dando lugar a un pequeño jardín que permite conservar un magnífico ejemplar de álamo blanco (*Populus alba*).

Al edificio se accede a través de un cortavientos de gran transparencia que funciona como regulador térmico.

El vestíbulo de entrada, es la parte representativa y lugar de acogida de los usuarios. Se desarrolla alrededor de un patio exterior que comparte con el centro de salud existente y es punto de

a huge party wall belonging to a residential building and the rear façade of the current health center.

It was necessary to design a building that, in addition to its own use, would serve to organize the surrounding space, establish a scale relationship with the surrounding buildings and at the same time resolve the necessary connections with the health center, the party wall and the public roads that They give you service.

The building has 613m<sup>2</sup> built distributed over 2 floors. Its L-shaped volumetry is attached to the existing party wall, trying to reduce its presence, and to the south façade of the current health center, seeking to facilitate the connection with it. In this way we free up space on the plot for access, giving rise to a small garden that allows us to preserve a magnificent specimen of white poplar (*Populus alba*).

The building is accessed through a highly transparent windbreak that functions as a thermal regulator.

The entrance hall is the representative part and welcoming place for users. It develops around an exterior patio that it shares with the existing health center and is a point of visual contact between the two buildings



contacto visual entre ambos edificios que aquí se transforman nun. A luz e a vexetación entran desde o exterior e funcionan como filtro, como elemento de transición, suavizando a contorna, controlando o soleamento e as vistas. Contribúe este patio á diversidade do espazo e acompaña a comunicación interior co centro de saúde actual.

Para este hall amplo e luminoso, buscamos unha boa adecuación entre función e confort, tanto no uso do mesmo como a nivel perceptivo.

Por tanto empregamos materiais naturais, nobres: paramentos de entaboadado de madeira de carballo e estrutura de madeira laminada de abeto, que neste caso queda vista.

O pavimento resólvese mediante unha lámina continua de PVC, buscando minimizar o número de xuntas para percibilo como un único plano que procurará unha unidade visual nesta parte do edificio.

A zona de espera aparece como unha rótula entre os espazos de comunicación.

A continuación organízanse as consultas, oficios e almacén de medicamentos. Traballamos nestes espazos con materiais continuos en teitos, paramentos e chans.

contacto visual entre los dos edificios que aquí se transforman en uno. La luz y la vegetación entran desde el exterior y funcionan como filtro, como elemento de transición, suavizando el entorno, controlando el soleamiento y las vistas. Contribuye este patio a la diversidad del espacio y acompaña la comunicación interior con el centro de salud actual.

Para este hall amplio y luminoso buscamos una buena adecuación entre función y confort, tanto en el uso del mismo como a nivel perceptivo.

Por tanto recurrimos a materiales naturales, nobres: paramentos de entablado de madera de roble y estructura de madera laminada de abeto, que en este caso queda vista.

El pavimento se resuelve mediante una lámina continua de PVC, buscando minimizar el número de juntas para percibirlo como un único plano que procurará una unidad visual en esta parte del edificio.

La zona de espera aparece como una rótula entre los espacios de comunicación. A continuación se organizan las consultas, oficios y almacén de medicamentos. Se trabaja en estos espacios con materiales continuos en techos, paramentos y suelos.

that here become one. Light and vegetation enter from the outside and work as a filter, as a transition element, softening the environment, controlling sunlight and views. This patio contributes to the diversity of the space and accompanies the interior communication with the current health center.

For this spacious and bright hall we look for a good match between function and comfort, both in its use and at a perceptual level. Therefore we resorted to natural, noble materials: oak wood paneling and laminated fir wood structure, which in this case is visible.

The pavement is resolved using a continuous sheet of PVC, seeking to minimize the number of joints to perceive it as a single plane that will provide visual unity in this part of the building.

The waiting area appears as a kneecap between the communication spaces. Consultations, offices and medicine storage are organized below. We work in these spaces with continuous materials on ceilings, walls and floors.

The first floor houses the spaces for userrestrictedtohealthcarepersonnel.



A planta primeira acolle os espazos de uso restrinxido ao personal sanitario. Desenvólvese ao longo dun corredor distribuidor que ordena e dá acceso a unha sala de descanso, aseos, vestiarios e dormitorios.

Tres ocios abren esta zona privada cara un espazo axardinado sobre a cuberta da planta baixa.

Nesta zona de uso non sanitario, modificamos os criterios de confort, que pasan de primar a eficiencia hixiénica a buscar un ambiente máis doméstico.

Traballamos con chans de tarima maciza de carballo en salas, dormitorios e corredores. Nos aseos utilízase o PVC como único material continuo en parede e chan.

No que se refire á contorna inmediata, acondicionamos o espazo baleiro de parcela con xardíns en montículos, por un lado para a protección da árbore existente, separándoa así das zonas de circulación; e por outro, para crear unha barreira verde diante das fiestras das consultas, procurando a privacidade destes espazos.

La planta primera acoge los espacios de uso restringido al personal sanitario. Se desarrolla a lo largo de un corredor distribuidor que ordena y da acceso a una sala de descanso, aseos, vestuarios y dormitorios.

Tres huecos abren esta zona privada a un espacio ajardinado sobre la cubierta de la planta baja.

En esta zona de uso no sanitario modificamos los criterios de confort que pasan de primar la eficiencia hixiénica a buscar un ambiente más doméstico.

Trabajamos con suelos de tarima maciza de roble en salas, dormitorios y corredores. En los aseos se utiliza el PVC como único material continuo en pared y suelo.

En lo que se refiere al entorno inmediato, se acondicionó el espacio vacío de parcela con jardines en montículos, por un lado para la protección del árbol existente, separándolo así de las zonas de circulación; y por otro, para crear una barrera verde delante de las ventanas de las consultas, procurando la privacidad de estos espacios.

It develops along a distribution corridor that organizes and gives access to a rest room, toilets, changing rooms and bedrooms.

Three openings open this private area to a garden space on the ground floor deck.



In this area of non-sanitary use we modify the comfort criteria from prioritizing hygienic efficiency to seeking a more domestic environment.

